

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE ABRIL DE 2010**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes ós días 29 de marzo e 7 de abril de 2010, respectivamente.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de obras para ampliación de corte, fosa de zurro e silos con licenza de instalación do 27 de novembro de 2002, sita en Abelairas, San Xoán do Alto.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión de licenza para modificación da localización da vivenda unifamiliar illada, sita na parcela 4, do núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, Parroquia de Santiago de Castelo.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para construción de edificio na rúa Andoriñas esquina rúa Doutor Gasalla e para legalización de ampliación de entresollado vinculado á planta baixa no edificio sito na rúa Rof Codina, número 7.

Acórdase a concesión de licenza de primeira utilización para un edificio sito na parcela 1, da Unidade de Actuación N-19, rúa Arquitecto Eloy Maquieira, números 6 e 8, con licenza de obra número 1131/06.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras de rexeneración de firme en camiño de souto e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a adxudicación definitiva para a contratación do servizo de posta en marcha e arranque do sistema de abastecemento de auga en alta de Lugo.

Acórdase a adxudicación provisional na contratación do servizo para a redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde, e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo (proxecto 09ur2201 urban centro social e cultural antigo cárcere) por procedemento negociado sen publicidade como continuación dun concurso con intervención de xurado.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para obras de reforma para instalación de ascensor, tratamento de fachadas, substitución de carpintería exterior, renovación de instalacións e cuberta, e demolición parcial de soportais, no edificio sito no polígono do sagrado corazón, número 30, por importe total de 5.922,80 €, por mor da aplicación de determinadas bonificacións tributarias.

### **ÁREA DE ALCALDÍA**

**6. ALCALDÍA.-** Aprobase a proposta da Alcaldía solicitando á Xunta de Galicia a construción de pasos elevados na estrada LU-530.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg18.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-4-2010

- Estimase o recurso de reposición interposto pola Federación Galega da construción contra o decreto número 116/2010, do 12 de marzo de 2010, ditado pola Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego do Concello de Lugo.
- Acórdase a modificación dos convenios de cesión do inmovible “Fogar de Santa María” á Excma. Deputación Provincial de Lugo, mediante os cales se cede o pavillón nº 6 e se acepta a reversión dos pavillóns números 7, 8 e 9.
- Acórdase solicitar subvención á Consellería de Traballo e Benestar para un obradoiro de emprego denominado “a fonte de papel”, para a restauración e dixitalización dunha parte dos fondos documentais do Concello de Lugo.

Lugo, 14 de abril de 2010  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García